

Grao en Bioloxía

Informe Final

Curso 2024-2025

Índice

1. INTRODUCIÓN 5

2. ACTIVIDADES XERAIS DO PAT-ANEAE 7

3. RESULTADOS DO PAT-ANEAE DURANTE O CURSO 2024-25 9

3.1. PRIMEIRO CURSO DE GRAO 11
3.2. SEGUNDO CURSO DE GRAO 19
3.3. TERCEIRO CURSO DE GRAO 25
3.4. CUARTO CURSO DE GRAO 31
3.5 ESTATÍSTICAS GLOBAIS 39

4. AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES DO PAT-ANEAE 43

a. ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO DE 1º DE GRAO 44
b. ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO DE 2º DE GRAO 46
c. ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO DE 3º DE GRAO 47
d. ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO DE 4º DE GRAO 48
e. ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DOS TITORES 50

5. INFORME GLOBAL DO PAT-ANEAE E CONCLUSIÓNS. 55

6. ANEXO I. PERFIL DO ALUMNADO DE NOVO INGRESO 57

1. INTRODUCIÓN

No presente informe recóllense as actividades levadas a cabo durante o curso 2024-25 no Plan de Acción Titorial (PAT) do Grao en Bioloxía. Dende que se implantou o PAT coa primeira promoción de Grao en Bioloxía no curso 2009-10, séguese levando a cabo de maneira satisfactoria, mantendo o seu carácter voluntario en canto a participación do alumnado e do profesorado que actúan como titores/as do PAT.

Seguindo o deseño establecido na memoria do PAT aprobada pola Xunta de Facultade de Bioloxía para este curso, leváronse a cabo diferentes accións programadas para cada nivel do grao, nas que se abordaron contidos diferenciais dependendo do momento do curso no que foron levadas a cabo as accións e do nivel dos estudos. De xeito xeral pódense definir os contidos das devanditas actividades como de tipo informativo e orientador, achegando información de interese para o alumnado, facendo un seguimento da planificación da súa actividade académica e do seu rendemento, e recibindo información acerca das inquietudes, problemas e/ou queixas que os alumnos desexaron formular sobre o discorrer das actividades académicas e extra-académicas ao longo do curso.

A actividade titorial desenvolvida no Grao en Bioloxía centrouse na realización de reunións a nivel de grupo nas que participaron a maioría do alumnado do curso (reunións cos coordinadores de curso) ou ben pequenos grupos de alumnos (6-8 alumnos) cos seus respectivos titores. En relación a esta última modalidade, o PAT do grao en Bioloxía inclúe a continuidade da acción titorial de cada titor/a cun grupo definido de alumnos/as ao longo dos diferentes cursos da titulación, o que favorece a interacción entre alumnos/as-titor/a e a función deste último como orientador e guía dos estudantes, facilitando a súa maior participación e compromiso co proceso de aprendizaxe. Así mesmo, o titor mantén aberta a posibilidade de encontros individuais cos seus titorizados, sempre que o soliciten.

En relación co alumnado incluído no programa PIUNE neste curso tivemos once estudantes aos que se lles prestou unha especial atención por parte da coordinadora do programa, que mantivo unha comunicación continua co Gabinete psicopedagóxico e coa área de diversidade (UNATEN). A coordinadora do programa informou en todo momento aos titores do PAT e ao profesorado destes alumnos das súas necesidades.

Por último, a coordinación do PAT realizou unha función continua de planificación temporal das actividades, de forma que estas tivesen lugar no momento oportuno do curso e interferisen o menos posible coa actividade académica dos titores e titorizados. A coordinación tamén

realizaron unha función de seguimento do PAT, recompilando informes das reunións, resolvendo dúbidas e promovendo accións de mellora, tanto da actividade docente coma do propio modelo do PAT, sobre a base da información presentada nas devanditas evidencias. Na plataforma informática (BioPAT), tanto os coordinadores de curso, como os titores dispuxeron de toda a información relativa ao PAT, enviaron os informes, convocaron ós alumnos, etc. Así mesmo, as coordinadoras do PAT puideron acceder a toda a información que achegaron os titores e xestionala dunha forma práctica e eficaz.

2. ACTIVIDADES XERAIS DO PAT-ANEAE

As liñas de actuación do PAT nos catro cursos do grao trataron de responder ás necesidades do alumnado da titulación, diferentes segundo o seu nivel de avance nos estudos. Ao longo do curso 2024-25 as actividades levadas a cabo pódense clasificar en tres tipos básicos:

Accións de Organización.

Sesións informativas encamiñadas a presentar aos titores e coordinadores de curso os contidos e o desenvolvemento das actividades previstas no PAT. Este tipo de accións lévanas a cabo os coordinadores do PAT que se reúnen a principio de curso cos titores e o coordinador de cada un dos cursos do grao nos que se implanta o PAT, achegándolles a información necesaria. Tras cada sesión programada os coordinadores revisan todas as evidencias achegadas polos titores, o que permite verificar a realización das reunións, obter información acerca das problemáticas que afectan aos alumnos de xeito xeneralizado, tanto de índole académico como extra-académico. Esta información serve para promover accións de resolución dos devanditos problemas trasladándoas aos coordinadores de curso ou ben aos responsables académicos. Ao final do curso os coordinadores realizan unha análise global dos informes recollidos durante todo o período académico e dos resultados das enquisas de avaliación do PAT, o que permite analizar o funcionamento do plan actual e establecer melloras de cara ao seguinte curso.

Accións de Acollida.

Ao inicio do curso o equipo decanal e os coordinadores de cada curso realizaron reunións co total dos alumnos, nas que achegaron información sobre distintos aspectos do ámbito universitario (servizos administrativos e de apoio, deportes, etc.), do centro (aulas, laboratorios, salas de informática, biblioteca, secretaría de alumnos, decanato, normativas do centro, etc.), así como da titulación (plan de estudos, guías docentes, horarios, participación dos alumnos na xestión do centro, etc.). Así mesmo, ofreceuse información concreta sobre os aspectos organizativos do PAT.

Xa no segundo semestre, normalmente, os coordinadores de curso fan unha sesión de seguimento do rendemento dos alumnos, e lles asesoraron sobre a planificación do semestre e intercambian ideas e reflexións sobre aspectos que preocupan ou interesan aos alumnos. Ao final de curso o coordinador intercambia cos alumnos impresións sobre os resultados e supervisa a realización das enquisas de satisfacción do PAT.

Accións de Apoio á Formación.

Trátase de reunións que leva a cabo o profesor-titor co grupo de alumnos que titoriza ou ben de forma individual sempre que o alumno ou o profesor así o acorden. Distribúense ao longo do curso abordando diferentes aspectos que responden, por un lado, á propia actividade académica e por outro, ás dificultades que van xurdindo en relación coa devandita actividade. Tras as avaliacións do semestre, o titor fai fincapé no rendemento académico dos seus titorizados e trata de achegar solucións aos problemas detectados, orientando na toma de decisións cara á mellora do proceso formativo. Ao final do curso, o titor trata de orientar na preparación de materias non superadas ou en calquera outra cuestión de interese do alumno para facilitar que poida planificar axeitadamente o seguinte curso. As actividades de apoio a la formación constitúen las acciones centrais del PAT.

Ao final de cada reunión os titores achegaron informes que recollían os aspectos principais tratados cos alumnos e os problemas que eles expuxeron. Esta información foi revisada polos coordinadores do PAT co fin de facer un seguimento continuo de cada curso e promover accións de mellora.

Accións de Orientación Profesional.

Este bloque tivo como destinatarios principais os alumnos de cuarto de grao. Co fin de asesoralos ante as novas situacións á que deben enfrontarse unha vez finalizado o curso, organizáronse distintos talleres en colaboración coa FUVI da Universidade de Vigo sobre orientación laboral, estratexias de busca de emprego e competencias. Para esta actividade, estaban programados 3 talleres, que foron levados a cabo os días 17, 24 e 31 de marzo. Así mesmo, normalmente se realizan unhas xornadas en colaboración co COBGA e algúns dos nosos egresados. Estas actividades foron levadas a cabo o 13 de maio (COBGA) e o día 20 de maio cos nosos egresados onde se impartiron charlas sobre a traxectoria profesional en catro campos da bioloxía (investigación, traballo en empresa, docencia e BIR).. Tamén e como en anos anteriores foi ofertado o curso "online" da biblioteca para preparar o TFG. As accións de orientación laboral incluíron tamén a presentación da oferta formativa de mestrados da facultade levada a cabo o día 9 de abril. Si ben, e como se indicou anteriormente estas actividades foron levadas a cabo para o alumnado de 4º de grao, o alumnado de 1º participou nun curso online da biblioteca de como encontrar información e como citar nos traballos.

Ademais das accións indicadas previamente o PAT do grao en Bioloxía mantivo aberta de forma continua a posibilidade de levar a cabo accións de Atención á Diversidade.

3. RESULTADOS DO PAT-ANEAE DURANTE O CURSO 2024-25

Nos seguintes apartados preséntanse dun xeito detallado os seguintes aspectos desenvolvidos durante o curso 2024-25 no PAT do Grao en Bioloxía para cada un dos cursos que compoñen a titulación:

- Listado de actividades (organización, acollida e coordinación e apoio á formación) desenvolvidas ao longo do curso, os contidos tratados e as datas nas que tiveron lugar as devanditas actividades. Listado de profesores que exerceron como titores en cada curso.
- Conformación dos grupos de alumnos asignados aos distintos titores en cada curso.
- Breve informe dos resultados das reunións titoriais de cada curso.
- Estatística de participación dos alumnos nas sesións do PAT en cada un dos cursos.
- Estatística de participación global das diferentes promocións.
- Breve informe global dos resultados do PAT na titulación durante o curso 2024-25.
- Enquisas de satisfacción co PAT do alumno.
- Enquisa de satisfacción co PAT dos titores/as de 4º de Grao.

3.1. Resultados PAT-ANEAE

1er CURSO DE GRAO

ACTIVIDADES DE TITORÍA DESENVOLVIDAS EN 1º

Ao longo do curso 2023-24, leváronse a cabo as seguintes actividades do PAT:

- **Actividades de coordinación e acollida.**

Ademais do acto de Benvida, levado a cabo pola Decana o 4 de setembro, e distintas actividades na semana cero, estaban programadas tres reunións da coordinadora de curso (9 de setembro, 29 de xaneiro e 21 de maio) co alumnado tratando os contidos especificados na memoria do PAT.

- **Actividades cos titores.**

Foron levadas a cabo as seis reunións programadas ao longo do curso (20 setembro, 11 de outubro, 9 decembro, 29 de xaneiro, 26 de marzo e 6 xuño). A participación media dos alumnos nas 6 reunións foi do 60 %.

Actividades de Organización

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Coordinadores/as do PAT	*1.- Presentación do PAT*	- Designación de Titores. - Presentación do PAT a Titores. - Calendario de actividades. - Asignación Titores-Alumnos.	Grupal	Inicio do curso
Coordinadores/as do PAT	*2.- Seguimento continuo do PAT*	- Recollida de evidencias. - Asesoramento e apoio as titorías. - Seguimento das actividades do PAT. - Resolver dificultades.	Grupal	Todo o curso
Coordinadores/as e Titores/as	*3.- Análise e avaliación final do PAT*	- Cuestionarios de satisfacción do alumnado. - Cuestionarios de satisfacción de Titores - Análise das evidencias de seguimento. - Análise de dificultades. - Elaboración da memoria final.	Grupal	Final do curso

Actividades de Acollida e Coordinación

No curso 2024-2025 celebrouse a Semana Cero para o alumnado de 1º de grao, como ben sendo habitual. As actividades foron levadas a cabo ao longo dos días 4, 5, 6 e 9 de setembro nos que o equipo decanal, a coordinadora de primeiro e persoal de distintas áreas da universidade, levaron a cabo distintas sesións que incluíron información sobre distintos aspectos do ámbito universitario (servizos administrativos, de apoio, deportes, etc.), do centro (aulas, laboratorios, salas de informática, biblioteca, secretaría de alumnos, decanato, normativas, delegación de alumnos, etc.), así como da titulación (plan de estudos, guías docentes, competencias, horarios, participación do alumnado na xestión do centro, enquisas, etc.). Así mesmo, ofreceuse información concreta sobre os aspectos organizativos e os recursos humanos e materiais do PAT. Na seguinte táboa detállanse as actividades levadas a cabo na Semana Cero.

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Decano/a	*1.- Acto de Benvida e presentación do Grao*	- Información xeral sobre a universidade, o centro e a titulación.	Grupal	4 setembro (10:00 h)
Representante da delegación de alumnos	*4.- Presentación da Delegación de Alumnos de Bioloxía*	- Presentación por parte dun membro da delegación de alumnos de esta asociación.	Grupal	4 setembro (13:15 h)
Equipo Decanal	*5- Guías docentes e competencias*	- Explicar aos alumnos as guías docentes e a súa importancia. - Informar aos alumnos sobre as competencias da titulación.	Grupal	5 setembro (10:00 h)
Equipo Decanal	*6.- Mobilidade*	- Información sobre os programas de mobilidade.	Grupal	4 setembro (12:30 h)
Coordinadores/as do PAT	*7.- Plan de Acción Tutorial (PAT) e Enquisas*	- Presentación ao alumnado do PAT-ANEAE. - Vantaxes de participar en dito plan. - Información das enquisas que se celebraran ao longo do curso e a súa importancia.	Grupal	5 setembro (12:00 h)
Responsable Servizo Deportes	*8.- Presentación do Servizo*	- Coñecendo o área de benestar, saúde e deporte.	Grupal	5 setembro (12:45 h)
Profesor da titulación	*9.- Conferencia inaugural*	- Impartirase unha conferencia	Grupal	5 setembro (11:00 h)
Coordinador/a de curso	*10- Sesión informativa de acollida*	- Presentación do coordinador de curso. - Información sobre servizos ao Alumnado (apoio a estudantes, FUVI, OFOE, SIOPE, ORI, deportes, bolsas), etc. - Organización do curso: cuadrimestres, materias, horarios, avaliacións... - Presentación das Titorías. - Cuestionarios iniciais cos datos dos alumnos.	Grupal	9 setembro (10:00 h)
Coordinador/a de curso	*11.- Sesión de seguimento*	- Seguimento da actividade titorial. - Presentación e asesoramento para a planificación (materias, horarios, etc) do segundo cuadrimestre. - Intercambio de ideas e reflexións sobre aspectos de interese.	Grupal	29 xaneiro (10:30 h)
Coordinador/a de curso	*12- Sesión final e avaliación do PAT-ANEAE*	- Intercambio de ideas e debate de resultados da actividade académica e titorial. - Enquisas de satisfacción do alumnado sobre o PAT.	Grupal	21 maio (11:00 h)

Actividades de Apoio á Formación (Titorías)

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Biblioteca UVigo	*Sesión de acollida da biblioteca*	- Presentación ao alumnado da biblioteca. Normas de funcionamento.	Grupal	4 de setembro (11:30 h)
Coordinadores/as PAT, Biblioteca UVI	*Curso on line da biblioteca*	- Busca de información para a elaboración de traballos.	Individual	1º cuadrimestre
Titor/a de alumnos/as*	*1.- Reunión* *Sesión de Presentación e Planificación*	- Presentación do Titor/a e do Alumnado. - Información das titorías e o seu desenvolvemento. - Asesoramento cara a planificación das actividades do semestre (cronograma de actividades presenciais e non presenciais, guías docentes, sistemas de avaliación, convocatorias, etc.). - Ofrecemento de posibles reunións individuais se algún alumno o solicita. - Outros asuntos de interese para o alumno.	Grupal	20 setembro (11:00 h)
Titor/a de alumnos/as	*2.- Reunión* *Sesión de Seguimento*	- Valorar a planificación (cronograma) de actividades das materias. - Asegurar que o alumnado coñece as guías docentes, traballos non presenciais, sistemas de avaliación, etc. - Reflexión sobre o enfoque e as dificultades do traballo (asistencia a clase, traballo non presencial, traballo en equipo, estudo continuo...).	Grupal	11 outubro (11:00 h)
Titor/a de alumnos/as	*3.- Reunión* *Sesión de Seguimento*	- Asesorar na planificación e organización temporal do estudo cara os exames. - Detectar posibles dificultades de adaptación o curso ou de seguimento das materias. - Reflexións sobre motivación, inseguridade, expectativas, etc.	Grupal	9 decembro (12:00 h)
Titor/a de alumnos/as	*4.- Reunión* *Sesión de Seguimento e Planificación*	- Análise do rendemento académico e dificultades atopadas - Asesoramento cara a planificación das actividades académicas do semestre.	Grupal	29 xaneiro (12:30 h)
Titor/a de alumnos/as	*5.- Reunión* *Sesión de Seguimento*	- Seguimento da planificación das actividades do semestre. Detección de problemas. - Reflexión sobre o enfoque e as dificultades do traballo (asistencia a clase, traballo non presencial, traballo en equipo, estudo continuo...).	Grupal	26 marzo (12:00 h)
Titor/a de alumnos/as	*6.- Reunión* *Sesión final de curso*	- Análise da situación ao finalizar o curso: rendemento académico e dificultades atopadas. - Preparación para convocatoria de xullo (si procede). - Reflexións cara o seguinte curso e expectativas.	Grupal	6 xuño (11:00 h)

LISTADO DE TITORES/AS DE 1º DE GRAO

Carlos Canchaya Sánchez
Iria Fernández Silva
Juan Galindo Dasilva
Castor Muñoz Sobrino
Isabel Pardo Gamundi
Humberto Quesada Rodríguez
Carmen Sieiro Vázquez
Diana Valverde Pérez

LISTADOS DE ALUMNADO DE 1º DE GRAO

Todos o alumnado matriculado en primeiro curso do grao dispuxo dun titor no PAT. A principio de curso elaborouse un listado de alumnos distribuídos en grupos titoriais e asignouse un titor a cada un dos grupos. Como norma do PAT de Bioloxía, os titores asignados en primeiro curso seguirán cos seus alumnos nos sucesivos cursos do grao, salvo que haxa unha solicitude expresa do titor ou dalgún alumno en sentido contrario. Aos titores de primeiro curso entregóuselles na primeira reunión un resumo con información sobre o perfil do alumnado de novo ingreso que inclúe porcentaxe de homes e mulleres matriculadas, procedencia do alumnado, notas de entrada, forma de sufragar os estudos, dominio de idiomas, materias cursadas polos alumnos de bacharelato que están relacionadas coa bioloxía, habilidades de traballo e persoais, así como a porcentaxe de alumnos que elixiron bioloxía como primeira opción. Dita información se inclúe no Anexo I.


BREVE INFORME DAS REUNIONES TITORIAIS

A xeito de resumo xeral especifícanse os comentarios máis relevantes que os titores fixeron chegar nos seus informes tras as reunións cos alumnos:

1. Non houbo problemas de planificación do curso. Os titores sinalan que os estudantes en xeral mostraron un bo nivel de satisfacción sobre o desenvolvemento do curso e tamén co profesorado.
2. O resto dos comentarios realizados polos alumnos céntranse en distintos aspectos das materias do curso. Moitos destes comentarios son puntuais e foron realizados por un número reducido de estudantes en cada caso aos seus titores correspondentes.

ESTATÍSTICAS DE PARTICIPACION (1º GRAO)

- Nº de alumnos titorizados: 80
- Nº de reunións coa coordinadora de curso: 3
- Nº de titores: 8
- Nº de sesións titoriais (reunión titor:alumno): 6



Participación (%) de alumnos nas reunións titoriais de 1º de Grao e media do curso.

3.2. Resultados PAT-ANEAE

2º CURSO DE GRAO

ACTIVIDADES DE TITORÍA DESENVOLVIDAS EN 2º

Ao longo do curso 2024-25 leváronse a cabo as seguintes actividades do PAT:

- **Actividades de acollida e coordinación.**

Realizáronse tres reunións grupais do coordinador de curso cos alumnos de 2º (9 setembro, 29 xaneiro, 22 maio) tratando os contidos especificados na memoria do PAT.

- **Actividades cos titores.**

Leváronse a cabo de forma presencial as catro reunións programadas (26 setembro, 2 decembro, 29 xaneiro, 22 maio) ao longo do curso. Os titores presentaron os correspondentes informes. A participación do alumnado foi do 67,8 % como media das reunións.

Actividades de Organización

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Coordinadores/as do PAT	*1.- Presentación do PAT*	- Designación de Titores. - Presentación do PAT a Titores. - Calendario de actividades. - Asignación Titores-Alumnos.	Grupal	Inicio do curso
Coordinadores/as do PAT	*2.- Seguimento continuo do PAT*	- Recollida de evidencias. - Asesoramento e apoio as titorías. - Seguimento das actividades do PAT. - Resolver dificultades.	Grupal	Todo o curso
Coordinadores/as e Titores/as	*3.- Análise e avaliación final do PAT*	- Cuestionarios de satisfacción do alumnado. - Análise das evidencias de seguimento. - Análise de dificultades. - Elaboración da memoria final.	Grupal	Final do curso

Actividades de Acollida e Coordinación

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Coordinador/a de curso	*1.- Sesión informativa de acollida*	- Presentación do/a coordinador/a de curso. - Organización do curso: semestres, materias, horarios, guías docentes, avaliacións, enquisas... - Presentación das Titorías. - Recollida de datos relevantes do alumnado (datos de contacto, matrícula, resultados académicos, etc.).	Grupal	9 setembro (10:00 h)
Coordinador/a de curso	*2.- Sesión de seguimento*	- Seguimento da actividade titorial. - Presentación e asesoramento para a planificación (materias, horarios, etc) do segundo semestre. - Intercambio de ideas e reflexións sobre aspectos de interese.	Grupal	29 xaneiro (10:30 h)
Coordinador/a de curso	*3.- Sesión final e avaliación do PAT-ANEAE*	- Intercambio de ideas e debate de resultados da actividade académica e titorial. - Enquisas de satisfacción do alumnado sobre o PAT.	Grupal	22 maio (12:00 h)

Actividades de Apoio á Formación (Titorías)

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Titor/a de alumnos/as*	*1.- Reunión* *Sesión de Presentación e Planificación*	- Presentación e información das titorías. - Asesoramento na planificación das actividades do semestre (cronograma de actividades presenciais e non presenciais, guías docentes, sistemas de avaliación, convocatorias, etc.). - Reflexións sobre a dificultade do curso e cómo afrontalo en función de experiencia do curso anterior. - Ofrecemento de posibles reunións individuais se algún alumno o solicita.	Grupal	26 setembro (11:00 h)
Titor/a de alumnos/as	*2.- Reunión* *Sesión de Seguimento*	- Asesorar na planificación e organización temporal do estudio cara os exames. - Detectar posibles dificultades de adaptación o curso e de seguimento das materias.	Grupal	2 decembro (11:00 h)
Titor/a de alumnos/as	*3.- Reunión* *Sesión de Seguimento e Planificación*	- Análise do rendemento académico e dificultades atopadas. - Asesoramento cara a planificación das actividades académicas do semestre.	Grupal	29 xaneiro (13:00 h)
Titor/a de alumnos/as	*4.- Reunión* *Sesión final de curso*	- Análise da situación ao finalizar o curso: rendemento académico e dificultades atopadas. - Preparación para convocatoria de xullo (si procede). - Reflexións cara o seguinte curso e expectativas.	Grupal	22 maio (13:00 h)

LISTADO DE TITORES DE 2º DE GRAO

Alejandro de Carlos Villamarín	Marcos A. López Patiño
Mercedes Gallardo Medina	Jesús M. Míguez Miramontes
Pedro Pablo Gallego Veigas	Juan Pérez Fernández
Luis González Rodríguez	Mª del Pilar Suárez Alonso

LISTADO DE ALUMNADO DE 2º DE GRAO

O listado de alumnos e a súa distribución nos grupos titoriais revísase a principios de curso cando se dispón dos listados de matriculación. Como norma do PAT de Bioloxía, os titores de segundo curso seguirán cos alumnos que xa estaban titorizando, salvo que haxa unha solicitude expresa do titor ou dalgún alumno en sentido contrario. No caso de que se lles adxudiquen outros alumnos debido a reorganización de titores ou grupos, facilítaselles a información pertinente ao inicio de curso.

BREVE INFORME DAS REUNIÓNS TITORIAIS

A xeito de resumo xeral especifícanse os comentarios máis relevantes que os titores fixeron chegar nos seus informes tras as reunións cos alumnos:

1. Os alumnos en xeral quedaron satisfeitos coas materias dos dous cuadrimestres, aínda que indican una maior dificultade de este curso con respecto ó anterior debido á densidade das materias do segundo curso e en particular do 1º cuadrimestre. En xeral, valoraron dunha forma moi positiva a planificación dos dous semestres no que se refire principalmente á docencia práctica.


2. O resto dos comentarios realizados polos alumnos centráronse en distintos aspectos das materias do curso. Moitos destes comentarios son puntuais e foron feitos por un número reducido de alumnos en cada caso aos seus titores.

En xeral, os estudantes sinalaron que en algunha materia existía demasiada carga de traballo, e falta de probas parciais en outras.

A maior parte desta problemática foi tratada polas coordinadoras do PAT e a coordinadora do grao, co coordinador de curso e/ou en reunións de coordinación co profesorado das materias do curso. No caso dos problemas específicos con algunha materia, foron tratados e resoltos dun xeito particular co coordinador da mesma.

ESTATÍSTICAS DE PARTICIPACION (2º de GRAO)

- Nº de alumnos titorizados: 75
- Nº de reunións co coordinador de curso: 3
- Nº de titores: 8
- Nº de sesións titoriais (reunión titor:alumno): 4



Participación (%) de alumnos nas reunións titoriais de 2º de Grao e media do curso.

3.3. Resultados PAT-ANEAE

3er CURSO DE GRAO

ACTIVIDADES DE TITORÍA DESENVOLVIDAS EN 3º

Ao longo do curso 2024-2025, leváronse a cabo as seguintes actividades do PAT:

- **Actividades de acollida e coordinación.**

Realizáronse tres reunións grupais do coordinador de curso cos alumnos de 3º (9 setembro, 29 xaneiro, 30 abril) tratando os contidos especificados na memoria do PAT.

- **Actividades con los titores.**

Leváronse a cabo de forma presencial as catro reunións programadas (27 setembro, 29 novembro, 29 xaneiro, 30 abril) ao longo do curso. Os titores presentaron os correspondentes informes. A participación do alumnado foi do 42,8 % como media das reunións.

Actividades de Organización

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Coordinadores/as do PAT	*1.- Presentación do PAT-ANEAE*	- Designación de Titores. - Presentación do PAT a Titores. - Calendario de actividades. - Asignación Titores-Alumnos.	Grupal	Inicio do curso
Coordinadores/as do PAT	*2.- Seguimento continuo do PAT-ANEAE*	- Recollida de evidencias. - Asesoramento e apoio as titorías. - Seguimento das actividades do PAT. - Resolver dificultades.	Grupal	Todo o curso
Coordinadores/as e Titores/as	*3.- Análise e avaliación final do PAT-ANEAE*	- Cuestionarios de satisfacción do alumnado. - Análise das evidencias de seguimento. - Análise de dificultades. - Elaboración da memoria final.	Grupal	Final do curso

Actividades de Acollida e Coordinación

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Decano/a	*Sesión de presentación de seguinte curso*	- Intercambio de ideas e reflexións sobre aspectos de interese.	Grupal	14 febreiro (11:00 h)
Coordinador/a de curso	*1.- Sesión informativa de acollida*	- Presentación do/a coordinador/a de curso. - Organización do curso: semestres, materias, horarios, guías docentes, avaliacións, enquisas... - Presentación das Titorías. - Recollida de datos relevantes do alumnado (datos de contacto, matrícula, resultados académicos, etc.).	Grupal	9 setembro (10:00 h)
Coordinador/a de curso	*2.- Sesión de seguimento*	- Seguimento da actividade titorial. - Presentación e asesoramento para a planificación (materias, horarios, etc) do segundo semestre. - Intercambio de ideas e reflexións sobre aspectos de interese.	Grupal	29 xaneiro (10:30 h)
Coordinador/a de curso	*3.- Sesión final e avaliación do PAT-ANEAE*	- Intercambio de ideas e debate de resultados da actividade académica e titorial. - Enquisas de satisfacción do alumnado sobre o PAT.	Grupal	30 abril (12:00 h)

Actividades de Apoio á Formación (Titorías)

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Titor/a de alumnos/as*	*1.- Reunión* *Sesión de Presentación e Planificación*	- Presentación e información das titorías. - Asesoramento na planificación das actividades do semestre (cronograma de actividades presenciais e non presenciais, guías docentes, sistemas de avaliación, convocatorias, etc.). - Reflexións sobre a dificultade do curso e cómo afrontalo en función de experiencia do curso anterior. - Ofrecemento de posibles reunións individuais se algún alumno o solicita.	Grupal	27 setembro (12:00 h)
Titor/a de alumnos/as	*2.- Reunión* *Sesión de Seguimento*	- Asesorar na planificación e organización temporal do estudio cara os exames. - Detectar posibles dificultades de adaptación o curso e de seguimento das materias.	Grupal	29 novembro (10:00 h)
Titor/a de alumnos/as	*3.- Reunión* *Sesión de Seguimento e Planificación*	- Análise do rendemento académico e dificultades atopadas. - Asesoramento cara a planificación das actividades académicas do semestre.	Grupal	29 xaneiro (13:00 h)
Titor/a de alumnos/as	*4.- Reunión* *Sesión final de curso*	- Análise da situación ao finalizar o curso: rendemento académico e dificultades atopadas. - Preparación para convocatoria de xullo (si procede). - Reflexións cara o seguinte curso e expectativas.	Grupal	30 abril (13:00 h)

LISTADO DE TITORES DE 3º DE GRAO

Esther Barreal Modroño

Marta Conde Sieira

Josefina Garrido González

María Gómez Brandón

Salustiano Mato de la Iglesia

Benedicto Soto González

Ana Ulla Miguel

LISTADO DE ALUMNADO DE 3º DE GRAO

O listado de alumnos e a súa distribución nos grupos titoriais revísase a principios de curso cando se dispón dos listados de matriculación. Como norma do PAT de Bioloxía, os titores de terceiro curso seguirán cos alumnos que xa viñan titorizando, salvo que houbese unha solicitude expresa do titor ou dalgún alumno en sentido contrario. No caso de que se lles adxudiquen outros alumnos debido a reorganización de titores ou grupos, se lles facilita a información pertinente ao inicio de curso.

BREVE INFORME DAS REUNÓNS TITORIAIS


A xeito de resumo xeral especifícanse os comentarios máis relevantes que os titores fixeron chegar nos seus informes tras as reunións cos alumnos:

1. Os alumnos indican que este curso foi moi extenso e con moito traballo Ao igual que o resto do alumnado do grado, os alumnos de 3º mostraron a súa satisfacción pola planificación das actividades docentes.

2. O resto dos comentarios realizados polos alumnos centráronse en distintos aspectos das materias do curso. Nalgúns casos afectaron de forma xeral a todos os alumnos e noutros, foron puntuais e comentados por un número reducido de alumnos en cada caso aos seus titores.

ESTADÍSTICAS DE PARTICIPACION 3º GRAO

- Nº de alumnos titorizados: 84
- Nº de reunións co coordinador de curso: 3
- Nº de titores: 9
- Nº de sesións titoriais (reunión titor:alumno): 4



Participación (%) de alumnos nas reunións titoriais de 3º de Grao e media do curso.

3.4. Resultados PAT-ANEAE

4º CURSO DE GRAO

ACTIVIDADES DE TITORÍA DESENVOLVIDAS EN 4º

Ao longo do curso 2024-25, leváronse a cabo as seguintes actividades do PAT:

- **Actividades de acollida e coordinación.**

Realizáronse tres reunións grupais da coordinadora de curso cos alumnos de 4º (27 setembro, 29 xaneiro, 19 maio) tratando os contidos especificados na memoria do PAT.

- **Actividades con los titores.**

Leváronse a cabo de forma presencial as tres reunións programadas (9 setembro, 29 xaneiro, 23 maio) ao longo do curso. Os titores presentaron os correspondentes informes. A participación do alumnado foi do 83,3 % como media das reunións.

- **Actividades de apoio a formación e de orientación profesional.**

Ao longo do curso realizáronse tres talleres sobre orientación profesional: un sobre competencias chave para a procura de emprego (17 de marzo de 2025), outro sobre preparación de CV, cartas de presentación e como buscar emprego (24 de marzo de 2025) e outro sobre saídas profesionais (31 de marzo de 2025) organizados polas coordinadoras do PAT e coa colaboración da FUVI.

A xornada formativa en colaboración co COBGA sobre as actividades profesionais dos biólogos foi levada a cabo o 13 de maio así como as charlas sobre as experiencias dos nosos egresados que se levaron a cabo o 20 de maio de 2025.

Para completar estas actividades levouse a cabo unha presentación dos mestrados ofertados pola Facultade de Bioloxía o día 9 de abril.

Durante este curso tamén se lles ofertou de novo, ao alumnado un curso online organizado pola biblioteca sobre "Como afrontar o teu TFG", aberto durante o 2º cuadrimestre.

Actividades de Organización

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Coordinadores/as do PAT	*1.- Presentación do PAT-ANEAE*	- Designación de Titores. - Presentación do PAT a Titores. - Calendario de actividades. - Asignación Titores-Alumnos.	Grupal	Inicio do curso
Coordinadores/as do PAT	*2.- Seguimento continuo do PAT-ANEAE*	- Recollida de evidencias. - Asesoramento e apoio as titorías. - Seguimento das actividades do PAT. - Resolver dificultades.	Grupal	Todo o curso
Coordinadores/as e Titores/as	*3.- Análise e avaliación final do PAT-ANEAE*	- Cuestionarios de satisfacción do alumnado. - Análise das evidencias de seguimento. - Análise de dificultades. - Elaboración da memoria final.	Grupal	Final do curso

Actividades de Acollida e Coordinación

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Coordinador/a de curso	*1.- Sesión informativa de acollida*	- Presentación do/a coordinador/a de curso. - Organización do curso: semestres, materias, horarios, guías docentes... - Presentación das Titorías. - Recollida de datos relevantes do alumnado (datos de contacto, resultados académicos, etc.).	Grupal	11 setembro (9:00 h)
Coordinador/a de curso	*2.- Sesión de seguimento*	- Seguimento da actividade titorial. - Presentación e asesoramento para a planificación (materias, horarios, etc.) do segundo semestre. - Intercambio de ideas e reflexións sobre aspectos de interese.	Grupal	29 xaneiro (10:00 h)
Coordinador/a de curso	*3.- Sesión final e avaliación do PAT-ANEAE*	- Intercambio de ideas e debate de resultados da actividade académica e titorial. - Enquisas de satisfacción do alumnado sobre o PAT.	Grupal	16 maio (9:00 h)

Actividades de Apoio á Formación (Titorías)

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Titor/a de alumnos/as**	*1.- Reunión* *Sesión de Presentación e Planificación*	- Presentación e información das titorías. - Asesoramento na planificación das actividades do semestre (cronograma de actividades presenciais e non presenciais, guías docentes, sistemas de avaliación, convocatorias, etc). - Reflexións sobre a dificultade do curso e cómo afrontalo en función de experiencia do curso anterior. - Ofrecemento de posibles reunións individuais se algún alumno o solicita.	Grupal	27 setembro (14:00 h)
Titor/a de alumnos/as	*2.- Reunión* *Sesión de Seguimento e Planificación*	- Análise do rendemento académico e dificultades atopadas. - Asesoramento cara a planificación das actividades académicas do semestre.	Grupal	29 xaneiro (13:00 h)
Titor/a de alumnos/as	*3.- Reunión* *Sesión final de curso*	- Análise da situación ao finalizar o curso: rendemento académico e dificultades atopadas. - Preparación para convocatoria de xullo (si procede).	Grupal	19 maio (12:00 h)
Coordinadores/as PAT, FUVI (área de emprego)	*4.- Taller* *Competencias*	- Habilidades persoais. - Habilidades sociais.	Grupal	17 marzo
Coordinadores/as PAT, FUVI (área de emprego)	*5.- Taller* *Orientación Laboral*	- Técnicas de procura de traballo. - Preparación de currículo e cartas de presentación. - Afrontando unha entrevista de traballo.	Grupal	24 de marzo
Coordinadores/as PAT, FUVI (área de emprego)	*6.- Taller* *Saídas Profesionais*	- A bioloxía no mundo laboral. - Saídas profesionais dos biólogos. - Expectativas de emprego.	Grupal	31 de marzo
Coordinadores/as PAT	*7.- Sesión informativa sobre mestrados da Facultade*	- Presentación dos mestrados ofertados pola Facultade de Bioloxía.	Grupal	9 abril
Coordinadores/as PAT COBGA	*8.- Sesión informativa sobre saídas profesionais*	- Charla coloquio na que participan distintos profesionais do ámbito da bioloxía.	Grupal	13 maio
Coordinadores/as PAT Egresados/as	*9.- Sesión informativa sobre as experiencias dos nosos egresados*	- Charla coloquio na que participan distintos egresados.	Grupal	20 maio
Coordinadores/as PAT, Biblioteca UVI	*10.- Curso on line da biblioteca*	- Como afrontar un traballo académico: aprendendo a buscar, usar e comunicar a información.	Individual	2º cuadrimestre

LISTADO DE TITORES DE 4º DE GRAO

Armando Caballero Rúa

Emma Fernández Covelo

Emilio Gil Martín

Raúl Iglesias Blanco

Mª Fuencisla Mariño Callejo

Manuel Megías Pacheco

Juan J. Pasantes Ludeña

Nuria Pedrol Bonjoch

Manuel A. Pombal Diego

LISTADO DE ALUMNADO DE 4º DE GRAO

O listado de alumnos e a súa distribución nos grupos titoriais revísase a principios de curso cando se dispón dos listados de matriculación. Como norma do PAT de Bioloxía, os titores de terceiro curso seguirán cos alumnos que xa viñan titorizando, salvo que houbese unha solicitude expresa do titor ou dalgún alumno en sentido contrario. No caso de que se lles adxudiquen outros alumnos debido a reorganización de titores ou grupos, facilítaselles a información pertinente ao inicio de curso.


BREVE INFORME DAS REUNIÓNS TITORIAIS

A xeito de resumo xeral especifícanse os comentarios máis relevantes que os titores fixeron chegar nos seus informes tras as reunións cos alumnos:

1. Tamén para este curso o alumnado agradeceu a planificación dos horarios e a organización dos grupos de prácticas tendo en conta a entrada das novas mencións.
2. Os alumnos de 4º no indicaron maiores problemas co desenrolo do curso. Houbo algúns problemas puntuais con algunha materia que foron tratados nas reunións de coordinación.

ESTATÍSTICAS DE PARTICIPACION 4º GRAO

- Nº de alumnos titorizados: 80
- Nº de reunións co coordinador de curso: 3
- Nº de titores: 9
- Nº de sesións titoriales (reunión titor:alumno): 3




Participación (%) de alumnos nas reunións titoriais de 4º de Grao e media do curso.

3.5. Estatísticas Globais

ESTATÍSTICAS GLOBAIS DE PARTICIPACION DO ALUMNADO DA XIII PROMOCIÓN NO PAT

Tras concluír a undécima cohorte de alumnos, o ciclo de catro cursos do grao en Bioloxía, convén analizar cal foi a súa implicación nas actividades do PAT. Para iso elaborouse a seguinte gráfica que mostra os resultados de participación de alumnos no PAT da promoción 2021-2025.

Tal como se pode observar, a porcentaxe medio da promoción foi dun 65,2 %




Porcentaxe de participación no PAT do alumnado da XIII promoción ao longo dos catro anos.

Se comparamos estes resultados cos obtidos para as promoción anteriores observase ca participación foi lixeiramente máis baixa que para a promoción anterior.

No caso de cuarto curso, a porcentaxe é superior que para cursos anteriores, aínda que xeralmente en cuarto o alumnado participa menos e en ocasións pide reunións individuais cos titores.

A maioría dos titores de esta promoción comezan un novo ciclo de titorías e contarase con novos titores para o alumnado de primeiro do curso 2025-26.



Porcentaxe de participación no PAT dos alumnos das trece promocións do grao de Bioloxía. Os valores das gráficas fan referencia á media de cada promoción.

4. AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES DO PAT-ANEAE

A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que achega datos sobre:

- os resultados obtidos en todos os cursos.
- a idoneidade dos medios e recursos do sistema titorial.

As coordinadoras do PAT realizan de forma continua un seguimento/avaliación das actividades previstas no sistema titorial e da participación do alumnado. Iso constitúe unha ferramenta esencial xa que proporciona a información precisa para as decisións que afectan á planificación e o desenvolvemento das actividades. Tamén permite incluír as modificacións que sexan necesarias en cada momento, así como detectar incumprimento de actividades e/ou inadecuación da planificación prevista inicialmente. Ao final do proceso titorial os datos recompilados ao longo do ano servirán para optimizar o PAT que se propón para o curso seguinte. Tamén faise un seguimento continuo do alumnado incluído no programa PIUNE. Dende a coordinación mantense contacto permanente co alumnado e tamén cos bolseiros asinados a algún dos estudantes PIUNE. No mesmo xeito, mantense contacto cos/as titores/as destes estudantes. Con todos os datos recompilados envíase un informe cuadrimestral a Área de Diversidade.

Ao final do curso o PAT inclúe a realización de enquisas de satisfacción do alumnado sobre as actividades programadas, preguntando por aspectos específicos tales como a información recibida do sistema titorial, a adecuación das actividades, a actuación dos titores e a utilidade do PAT como sistema de orientación e información para o seu desenvolvemento persoal e académico. Como en cursos anteriores o alumnado levou a cabo a enquisa de satisfacción do PAT e o alumnado de cuarto fixo unha enquisa global de satisfacción do PAT específica para os alumnos deste curso que inclúen aspectos relacionados coa organización e coordinación das actividades do PAT, finalidade deste, talleres sobre orientación laboral, grao de utilidade do PAT ao longo dos catro anos, expectativas deste e valoración global. O número de alumnos que respondeu á enquisa (20) mostráronse satisfeitos en xeral da utilidade do PAT.

Tamén foi levada a cabo una enquisa cos titores que finalizan este curso un ciclo completo de PAT, correspondente á promoción 2021-2025. En xeral mostráronse moi satisfeitos co PAT e a titorización do alumnado.

A continuación se inclúen os resultados das enquisas dos catro cursos e a dos titores.

Cuestionario Final de Satisfacción do Alumnado 1º GRAO

(60 respostas)

(A recoller polos **coordinadores de curso** na derradeira sesión do curso)

Valora de 1 a 5 (1: moi mal; 2: mal; 3: regular; 4: ben; 5: moi ben) os seguintes apartados.

Marque con X a opción desexada

1. Consideras que foi axeitada a información ofrecida sobre o Plan de Acción Titorial (PAT)?

1	1,7 %	2	0	3	11,7 %	4	33,3 %	5	53,3 %

2. Consideras adecuada a organización e coordinación das distintas actividades do PAT?

1	1,7 %	2	5 %	3	16,7 %	4	26,7 %	5	50 %

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás túas expectativas?

1	3,3 %	2	5 %	3	21,7 %	4	30 %	5	40 %

4. En que grao resulta aplicable o abordado no PAT para distintos aspectos do teu desenvolvemento persoal, académico e profesional?

1	1.7 %	2	5 %	3	26,7 %	4	25 %	5	41,7 %

5. En que grao consideras que as datas das distintas actividades foron axeitadas?

1	0	2	13,3 %	3	20 %	4	38,3 %	5	28,3 %

6. Consideras axeitadas a forma en que se desenrolaron as titorías?

1	0	2	5 %	3	11,7 %	4	28,3 %	5	53,3 %	NS/NC	1,7 %

7. Valora a actuación de teu titor nos distintos aspectos

	Moi mal	Mal	Regular	Ben	Moi ben
Información das convocatorias de reunións	0	0	8,3 %	46,7 %	45 %
Desenvolvemento das sesións	0	0	6,7 %	45 %	48,3 %
Claridade da información recibida	0	0	10 %	31,7 %	58,3 %
Atención persoal aos alumnos	0	0	8,3 %	20 %	71,7 %
Aclaración de dúbidas	0	0	13,3 %	33,3 %	53,3 %

8. *Que modificarías do PAT (datas, actividades, contidos das reunións...)?*

- *Un mejor horario, ya que muchos son después de exámenes, evitando que me vaya a casa.*
- *Que las fechas son sean antes de los exámenes.*
- *Nada, ofrece apoio, información e interese polos tutorandos.*
- *Contidos das reunións.*
- *Pensó que, na miña opinión, deberíanse facer máis tutorías. No meu caso resultáronme especialmente útiles para o desenvolvemento e guía da miña carreira como estudiante e futura carreira profesional.*

- *Me gustaría que hubiese mayor número de sesiones PAT.*
- *Los profesores del PAT deberían de ceñirse a la hora y fecha puesto en el horario y no el que a ellos les convenga mejor.*

Cuestionario Final de Satisfacción do Alumnado 2º GRAO

(53 respostas)

(A recoller polos **coordinadores de curso** na derradeira sesión do curso)

Valora de 1 a 5 (1: moi mal; 2: mal; 3: regular; 4: ben; 5: moi ben) os seguintes apartados.

Marque con X a opción desexada

1. Consideras que foi axeitada a información ofrecida sobre o Plan de Acción Titorial (PAT)?

1	0	2	5,8 %	3	9,6 %	4	36,5 %	5	46,2 %	NS/NC	1,9 %

2. Consideras adecuada a organización e coordinación das distintas actividades do PAT?

1	0	2	9,6 %	3	21,2 %	4	30,8 %	5	38,5 %

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás túas expectativas?

1	1,9 %	2	7,7 %	3	21,2 %	4	42,3 %	5	26,9 %

4. En que grao resulta aplicable o abordado no PAT para distintos aspectos do teu desenvolvemento persoal, académico e profesional?

1	5,8 %	2	7,7 %	3	17,3 %	4	36,5 %	5	30,8 %	NS/NC	1,9 %

5. En que grao consideras que as datas das distintas actividades foron axeitadas?

1	5,8 %	2	19,2 %	3	15,4 %	4	30,8 %	5	28,8 %

6. Consideras axeitadas a forma en que se desenrolaron as titorías?

1	1,9 %	2	1,9 %	3	13,5 %	4	30,8 %	5	51,9 %

7. Valora a actuación de teu titor nos distintos aspectos

	Moi mal	Mal	Regular	Ben	Moi ben
Información das convocatorias de reunións	0	3,8 %	9,6 %	28,8 %	57,7 %
Desenvolvemento das sesións	1,9 %	1,9 %	3,8 %	50 %	42,3 %
Claridade da información recibida	1,9 %	1,9 %	5,8 %	40,4 %	50 %
Atención persoal aos alumnos	0	0	9,6 %	26,9 %	63,5 %
Aclaración de dúbidas	0	5,8 %	5,8 %	63,5 %	61,5 %

8. Que modificarías do PAT (datas, actividades, contidos das reunións...)?

- *Más tutorías como en primero.*
- *Las horas de tutorías deberían ser entre horas de teoría / prácticas, ya que a muchos no nos compensa quedarnos a la reunión si no tenemos nada más.*
- *Me gustarían más reuniones.*
- *Solo modificaría as datas para axustalas aos momentos do cuatrimestre con maior carga académica.*
- *Mellores datas.*
- *Duración máis larga.*
- *As datas, en todo o curso só tivemos tres reunións. Deberían ser más frecuentes.*
- *Duración larga.*
- *Más tutorías.*
- *Número de reunións.*
- *Sobre todo en fechas. Deben estar mejor esparcidas.*

- *Nada, estoy bastante satisfecho con mi tutor.*
- *Horario.*
- *Poder ir cambiando de tutor, para que cada uno nos dé un punto de vista distinto*
- *Os contidos, principalmente porque non recibimos consello nen se nos escoita. Só vamos a escoitar como o titor se queixa dos alumnos e do mal que estudamos.*

Cuestionario Final de Satisfacción do Alumnado 3º GRAO

(17 respostas)

(A recoller polos **coordinadores de curso** na derradeira sesión do curso)

Valora de 1 a 5 (1: moi mal; 2: mal; 3: regular; 4: ben; 5: moi ben) os seguintes apartados.

Marque con X a opción desexada

1. Consideras que foi axeitada a información ofrecida sobre o Plan de Acción Titorial (PAT)?

1	0	2	0	3	0	4	17,6 %	5	82,4 %

2. Consideras adecuada a organización e coordinación das distintas actividades do PAT?

1	0	2	0	3	5,9 %	4	11,8 %	5	82,4 %

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás túas expectativas?

1	0	2	0	3	17,6 %	4	17,6 %	5	64,7 %

4. En que grao resulta aplicable o abordado no PAT para distintos aspectos do teu desenvolvemento persoal, académico e profesional?

1	0	2	0	3	23,5 %	4	17,6 %	5	58,8 %

5. En que grao consideras que as datas das distintas actividades foron axeitadas?

1	0	2	0	3	11,8 %	4	29,4 %	5	58,8 %

6. Consideras axeitadas a forma en que se desenrolaron as titorías?

1	0	2	0	3	5,9 %	4	17,6 %	5	76,5 %

7. Valora a actuación de teu titor nos distintos aspectos

	Moi mal	Mal	Regular	Ben	Moi ben
Información das convocatorias de reunións	0	0	0	11,8 %	88,2 %
Desenvolvemento das sesións	0	0	0	11,8 %	88,2 %
Claridade da información recibida	0	0	0	11,8 %	88,2 %
Atención persoal aos alumnos	0	0	0	5,9 $	94,1 %
Aclaración de dúbidas	0	0	0	11,8 %	88,2 %

8. Que modificarías do PAT (datas, actividades, contidos das reunións...)?

- *La tutora del PAT, el día antes de la sesión, nos manda un correo diciendo que no puede asistir. Y de las reuniones que hul durante todo el curso solo tuvimos una reunión. Nos manda poner otra fecha o hacerlo de manera individual. Después con desenvolvimiento del PAT muy bien.*
- *Yo pondría solo 2 sesiones de PAT al año, una a principio de curso y otra al final. La del final del 1º cuatrimestre la veo innec saria.*
- *Nada, genial.*
- *Más reuniones. Mayor desenvolvimiento y más información sobre el mundo laboral post-graduación.*

Cuestionario Final de Satisfacción do Alumnado 4º GRAO

(40 respostas)

(A recoller polos **coordinadores de curso** na derradeira sesión do curso)

Valora de 1 a 5 (1: moi mal; 2: mal; 3: regular; 4: ben; 5: moi ben) os seguintes apartados

Sobre as titorías

1. Foi adecuada a información do titor sobre as convocatorias das reunións?

1	0	2	2,5 %	3	15 %	4	32,5 %	5	50 %

2. Foron adecuadas as datas sobre as convocatorias das reunións?

1	2,5 %	2	2,5 %	3	30 %	4	17,5 %	5	47,5 %

3. Consideras adecuada a forma na que se desenvolveron as titorías?

1	0	2	2,5 %	3	12,5 %	4	27,5 %	5	52,5 %	NS/NC	5 %

4. Valora a atención persoal que tiveches por parte do titor

1	2,5 %	2	2,5 %	3	15 %	4	22,5 %	5	55 %	NS/NC	2,5 %

5. Houbo claridade na información aportada polo teu titor nas reunións?

1	0	2	7,5 %	3	10 %	4	27,5 %	5	50 %	NS/NC	5 %

6. Foron útiles as reunións para clarexar dúbidas, obter información e orientarte?

1	5 %	2	2,5 %	3	12,5 %	4	30 %	5	47,5 %	NS/NC	2,5 %

Sobre os talleres

7. Consideras adecuadas as datas nas que tiveron lugar os talleres ?

1	10 %	2	7,5 %	3	20 %	4	32,5 %	5	22,5 %	NS/NC	7,5 %

8. Consideras útiles as actividades dos talleres de orientación laboral?

1	0	2	2,5 %	3	20 %	4	32,5 %	5	32,5 %	NS/NC	12,5 %

9. Consideras que foi adecuada a forma en que se desenvolveron as actividades dos distintos talleres?

1	2,5 %	2	2,5 %	3	12,5 %	4	40 %	5	27,5 %	NS/NC	15 %

10. Consideras que foi adecuada a realización da Xornada do COBG na que participaron egresados biólogos?

1	10 %	2	2,5 %	3	22,5 %	4	17,5 %	5	20 %	NS/NC	27,5 %

Sobre o PAT

11. Consideras adecuada a organización e coordinación das distintas actividades levadas a cabo en 4º de grao?

1	0	2	5 %	3	22,5 %	4	35 %	5	20 %	NS/NC	17,5 %

12. Valora en termos xerais o desenvolvemento do cuarto curso

1	0	2	12,5 %	3	25 %	4	37,5 %	5	15 %	NS/NC	10 %

De forma xeral

13. Valora o grado de utilidade do PAT (xeral, todos os cursos) no teu desenrolo persoal, académico e pre-profesional

1	7,5 %	2	5 %	3	15 %	4	22,5 %	5	37,5 %	NS/NC	12,5 %

14. En que grao o desenrolo do PAT (xeral, todos os cursos) respondeu ás túas expectativas?

1	7,5 %	2	2,5 %	3	22,5 %	4	25 %	5	27,5 %	NS/NC	15 %

15. Recomendarías a un alumno de novo ingreso a participación no PAT?

1	2,5 %	2	7,5 %	3	5 %	4	27,5 %	5	45 %	NS/NC	12,5 %

16. Valora de forma global el PAT do grao en Bioloxía

1	5 %	2	2,5 %	3	7,5 %	4	32,5 %	5	40 %	NS/NC	12,5 %


17. Comentarios

- *Falta información acerca de becas y ayudas como la beca de colaboración. Deberían de hablarse ya en los primeros cursos sobre salidas profesionales para poder explorar lo que más nos interese en prácticas y TFG.*
- *Ter un bo titor orienta moi ben ao longo da carreira: salidas laborales, como facer queixas, etc.*

GRAO EN BIOLOXÍA. CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN DOS TITORES

Cuestionario realizado por todos os titores do PAT da promoción 2021-2024

1. Indica si o número de reunións co alumnado ao longo do curso parecéronche adecuadas:



- Observacións:

Valora nunha escala de 1 (nada satisfeito) a 5 (moi satisfeito), os seguintes ítems:

2. A documentación e a información ofrecida pola coordinación do PAT:



- Observacións:


3. A organización, coordinación e seguimento que se fai das actividades desenvolvidas no PAT:



- Observacións:

- *Ás veces non se teñen en conta certas reclamacións dos estudantes, ou non se fan chegar ao docente.*


4. A adecuación das datas establecidas para as actividades do PAT:



- Observacións:


- *É complicado mellorala porque cando son despois dun exame, por exemplo, moitos marchan nada máis rematalo e xa non agardan á reunión.*

5. A utilidade do PAT de acordo coas experiencias cos estudantes:




- Observacións:
    - *Coido que canto máis útil é e cando eles preguntan por algo que realmente lles interesa. De todos xeitos, asistindo ás reunións case sempre se comentan cousas que son do seu interese.*

6. Os beneficios que pode aportar o PAT para o desenvolvemento persoal, académico ou profesional do alumnado



- Observacións:
    - *Os beneficios dependerán, en grande medida, da personalidade do estudante (p. ex. maior ou menor receptividade aos consellos do titor/a) e da súa situación persoal (as veces a magnitude dos problemas persoais plantexados polo alumnado excede as competencias do profesorado universitario).*
    - *Obter información de primeira man de profesorado con experiencia sempre é interesante e pode ser beneficioso.*

7. O traballo que supón o PAT para o titor:



- Observacións:

8. Indica na túa opinión que aspectos son os máis salientables do PAT
   - *La resolución de problemas académicos puntuales de los alumnos, e información sobre Erasmus, Prácticas externas, TFGs, en los cursos superiores.*
   - *A flexibilidade para organizar reunións individuais para tratar asuntos persoais, e a posibilidade de orientar ao alumnado sobre a súa traxectoria académica e futuro profesional, e de servir de apoio para certos problemas persoais.*
   - *Obter información variada de primeira man de profesorado con experiencia*
   - *Servir de enlace con outros profesores/equipo decanal*
   - *Nalgúns casos (preguntas sobre prácticas externas, TFG, mobilidade, etc.) coido que liberan algo de tempo ao equipo decanal*
   - *A confianza, o valor de ter a quen acudir no claustro de docentes, o que valoran ter interlocución co decanato para facerlles achega das súas inquietudes, a tranquilidade que se lles pode transmitir, a axuda para distinguir entre dificultades cotiáns e problemas reais, incluso a formación de grupos de compañeiros/as que doutro xeito non se coñecerían.*
   - *Un recurso excelente para que los estudiantes pueden expresar sus problemas, pedir consejo, etc. que no está al alcance de la mayoría de centros.*

9. Indica na túa opinión que aspectos son os máis febles do PAT
   - *Poca participación del alumnado, lo que indica que no lo encuentran útil o interesante.*
   - *Resposta ás mensaxes das convocatorias de reunión*
   - *Asistencia ás reunións por parte do alumnado*
   - *Ningún. Pero penso que o éxito depende moito do titor/a.*
   - *No demasiada asistencia*
   - *Pouca asistencia por parte do alumnado*


10.Aporta propostas para mellorar o PAT

- *Que los alumnos pudieran escoger a su tutor de PAT, para que haya más sintonía personal.*
- *Non sei ben como facerlle ver ao alumnado que as reunións poden ser tan curtas como eles queiran e que nelas poden obter aclaracións/novas/suxestións/consellos sobre case calquera aspecto da vida académica e incluso extra-académica (ou persoal, se o precisasen); polo tanto, non é "tempo perdido", senón todo o contrario.*
- *Se non se está a facer xa, que as dificultades e certas inxusticias que atopan cheguen aos/ás responsables de materia e aos/ás docentes que a imparten, as veces que faga falla. E que se tomen medidas para que non se repitan as mesmas inquedanzas en cada promoción.*
- *Quizás reducir el número de reuniones (una menos en cada curso) facilitaría una mayor asistencia.*
- *Posibilidad de ofrecer a los alumnos de 1º algún taller de gestión de tiempo, trabajo en equipo…*

5. INFORME GLOBAL DO PAT-ANEAE E CONCLUSIÓNS

Durante o curso 2024-25 leváronse a cabo todas as actividades previstas no documento do PAT, incluíndo aquelas catalogadas como de acollida, coordinación, apoio á formación, apoio a diversidade e orientación profesional. As accións de apoio á formación implicaron a participación dun total de 32 titores que levaron a cabo as diferentes sesións programadas co seu grupo de alumnos titorizados ao longo do curso. En relación coas accións de apoio á diversidade un total de 11 estudantes foron atendidos regularmente ao longo do curso.

Ademais da súa función informadora, de orientación e de seguimento da actividade formativa e o rendemento dos estudantes, as reunións titoriais achegaron moita información sobre as dificultades que en cada momento do curso estaban a afectar á actividade académica dos estudantes. Isto indica de novo a validez do PAT para os obxectivos perseguidos no noso modelo titorial e fano particularmente válido para ampliar o coñecemento dos problemas que se lle presentan ao alumnado. Neste sentido, a acción das coordinadoras do PAT sobre a base dos informes titoriais facilitou a posta en marcha de accións correctoras para solucionar, na medida do posible, algúns dos problemas detectados. Moitas destas accións foron postas en marcha con éxito.



Participación (%) de cada curso (e media) nas reunións titoriais ao longo do 2024-2025.

A asistencia do alumnado ás actividades do PAT durante 2024-25 para todos os cursos do Grao é mais alta que no curso anterior, excepto para 3º de grao. Isto foi tratado especificamente na reunión cos titores do PAT de 3º curso. Unha vez informados os titores desta situación, como acción de mellora se lles recomenda que deben insistir na participación e intentar atraer ao alumnado para que estea máis implicados neste programa, debido a importancia que ten para eles.

Tendo en conta os resultados de todos os cursos anteriores, así como a enquisa dos titores, parece evidente que a realización de actividades programadas con contidos específicos que son abordados nas reunións titoriais é un modelo válido, que debe suscitar o interese do alumnado.

Con todo, a valoración global que facemos do PAT desenvolvido durante o curso 2024-25 é positiva e anima a todos os implicados a seguir participando neste sistema. Sen embargo, deben buscarse alternativas e algunha solución para intentar mellorar a participación e o funcionamento do PAT que consideramos imprescindible e unha ferramenta moi valiosa para o noso alumnado.

ANEXO I

Perfil do Alumnado de Novo Ingreso


Para levar a cabo este estudo, as estatísticas foron feitas coas fichas iniciais de datos do alumnado de primeiro.

Nº enquisas realizadas: 72

Nº de alumnos:

- novo ingreso: 79
- convalidación: 9

Porcentaxe homes, mulleres




Procedencia

Alumnos novo ingreso (79)	Nº de alumnos	Porcentaxe
ABAU	68	86.1 %
Ciclo superior FP	10	12.7 %
Maiores 25	1	1.3 %


Alumnos de outras titulacións (9)	Nº de alumnos	Porcentaxe
Bioloxía	2	28.6 %
CC do Mar	7	71.4 %

Nota de entrada




Nota máis alta: 13.04. Nota máis baixa: 8.165. Maiores 25: 6.32. Media curso = 10.396 (no se considera na media a nota de maiores de 25).


Materias relacionadas coa bioloxía cursadas polo alumnado en bacharelato




Porcentaxe de alumnos que elixiron Bioloxía como 1ª opción




Forma de sufragar os estudos




Habilidades de traballo e persoais





Dominio de Idioma



Os datos recollidos foron feitos a partir das fichas iniciais de datos do alumnado alumnos matriculado de novo ingreso que entregaron os datos solicitados (n = 72).

Curso 2024/2025 1º GRAO

Evidencia 1. Ficha de datos iniciais do alumnado

*(A recoller polo **coordinador de curso** durante a sesión informativa de acollida)*

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL					DIN
Titulación	***Bioloxía***			***Curso***	***1º Grao***
Apelidos e nome				D.N.I.	
Lugar de nacemento				Data de nacemento	
Datos de contacto	Dirección				
	Teléfono		e-mail		
Motivación para a elección da titulación					
TRAXECTORIA ACADÉMICA					
Estudos previos en relación con materias da rama de ciencias					
Modalidade de Bacharelato					
Das seguintes materias, indica cun X cales cursaches no bacharelato:	Física	Química	Matemáticas	Xeoloxía	Bioloxía
Outros estudos ou formación complementaria					
CONTEXTO DE ESTUDOS					
Forma de sufragar gastos (axuda familiar, bolsa, traballo,..)					
Posibilidade de asistencia a clase					
Tempo potencial de estudo diario					
Forma de abordar o estudo (organización, grupal ou individual,...)					

MODELO LINGÜÍSTICO					
Lingua	Nivel de dominio				
	1 (descoñece)	2	3 (normal)	4	5 (excelente)
Galego					
Castelán					
Inglés					
Outros (cales)					
Francés					

HABILIDADES DE TRABALLO E PERSOAIS					
Ferramenta	Nivel de dominio				
	1 (descoñece)	2	3 (normal)	4	5 (excelente)
Internet					
Word					
Power Point					
Excel					
Procesado de imaxes					
Técnicas comúns de laboratorio (pesar, medir pH,..)					
Habilidades	Nivel de dominio				
	1 (descoñece)	2	3 (normal)	4	5 (excelente)
Adaptación as normas					
Capacidade de traballo en equipo					
Autoestima					
Capacidade crítica					

OUTROS	SI	NON
¿Foi a bioloxía a túa primeira opción?		
¿Dentro das túas actividades formativas, profesionais ou de ocio son os estudos de bioloxía a túa primeira opción?		
¿Tes conexión a internet no teu lugar de estudo?		
¿Tes ordenador?		
Neste curso ofrecerase a materia de química en inglés para un grupo. Indica si queres participar nel.		